

Texto: **GIANNI RODARI**  
Ilustracións: **ALESSANDRO SANNA**  
Tradución: **XOSÉ BALLESTEROS**

Encadernado en cartón. 22x30 cm.  
32 páxinas. Ilustracións en color.  
Dispoñible en:

-Galego: "Inventando números". Colección Tras os Montes  
ISBN 978- 84-8464-631-0  
-Castelán: "Inventando números". Colección Libros para Soñar  
ISBN 978-84-96388-61-1  
Prezo: 15 €

## INVENTANDO NÚMEROS

**-Por que non inventamos números?  
-Vale, empezo eu. Case un, case dous, case tres,  
case catro, case cinco, case seis...**



Estamos ante un dos relatos incluídos en "Contos por teléfono", unha das obras mestras de Gianni Rodari, que adquire autonomía propia neste álbum ilustrado co peculiar estilo do artista Alessandro Sanna.

Logo de "Confundindo historias", editado tamén por KALANDRAKA en galego e castelán, esta obra propónlle ao lector preguntas tan verosímiles como o valor dunha tarta ou a distancia entre dous puntos, e outras cuestións máis surrealistas, como canto pesa unha bágoa ou a medida dun conto. Como caracteriza a Rodari, as respostas rebordan inxenio, imaxinación e creatividade; ingredientes indispensables no crecemento vital e emocional dos primeiros lectores...

### GIANNI RODARI (Omegna, Lombardía, 1920 - Roma, 1980)

O gran renovador da Literatura Infantil e Xuvenil foi político, xornalista, pedagogo e escritor; nesta última faceta logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e traballou impartindo clases particulares. Polo seu vínculo co Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e, trala súa incorporación a L'Unitá, comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil: "O planeta das árbores", "Contos longos como un sorriso", "As aventuras de Cipollino", "O libro das retahílas"... Algunhas das súas obras mestras son "Contos por teléfono", "Contos a máquina" e "Contos para xogar": pensáronse para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias, e permitir que o lector poida escoller o final do conto.

### ALESSANDRO SANNA (Nogara, Italia, 1975)

Pintor e ilustrador. Formouse no Instituto de Arte de Castelmasa, en Roma, donde se graduou como profesor de arte aplicada; no Instituto Palladio de Verona, no que estivo impartindo clases, tamén obtivo o diploma en publicidade gráfica. Adicase á ilustración de libros infantís e xuvenís dende 1996 e participou en exposicións de pintura individuais e colectivas. Entre os recoñecementos que acadou pola súa obra figuran a Mención Especial en 1999 e 2001 no Concurso Internacional de Ilustración Cidade de Chioggia.

- **Temática:** números, valores, medir distancias
- **Idade recomendada:** dende 5 anos
- **Aspectos destacables:** formato dialogado, orixinal proposta estética; do autor de "Que fai falta?", "Confundindo historias" e "Contos por teléfono", editados por KALANDRAKA; do ilustrador de "Confundindo historias".
- **Aplicacións:** para aprender os números, contar, alterar os nomes das cantidades, xogar a crear palabras, mesturar palabras para crear unha nova linguaxe imaxinativa.

